



## 1. ESTUDANTES DE GALEGO

**A.** Todas estas persoas estudan galego. Completa a ficha que falta cos teus datos.



Chámome Iara, son brasileira e profesora de portugués.




Ola, son Maite. Son galega e traballo nunha axencia de viaxes.




Chámome Juan, son madrileño e son médico.



Ola, son Hellen. Son irlandesa e traballo nunha empresa de informática.



Ola, o meu nome é Mohamed. Son palestino e estudante de matemáticas.



**B.** Agora xa podes presentarte ao resto da clase.

- Ola, chámome Susan, son alemá e traballo nunha empresa de informática.

## 2. TEST ORAL



**A.** Teresa está na Coruña para facer un curso de galego. Escoita a entrevista que lle fan na escola e completa a ficha.



### Test oral

#### Curso Intensivo de Galego

- NOME:
- PAÍS:
- TEMPO QUE PENSA ESTAR EN GALICIA:
- PROFESIÓN:
- OUTROS IDIOMAS:
- POR QUE ESTUDA GALEGO?
- CANTO TEMPO HAI QUE ESTUDA GALEGO?
- COUSAS QUE LLE GUSTA FACER NA AULA (Marque as respostas certas)
 

|                                                    |                                             |
|----------------------------------------------------|---------------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> Exercicios de gramática.  | <input type="checkbox"/> Actividades orais. |
| <input type="checkbox"/> Ler textos.               | <input type="checkbox"/> Xogos.             |
| <input type="checkbox"/> Traballar en grupo.       | <input type="checkbox"/> Traducir.          |
| <input type="checkbox"/> Actividades con internet. |                                             |
- DIFICULTADES QUE TEN CO GALEGO (Marque as respostas certas):
 

|                                                 |                                                    |
|-------------------------------------------------|----------------------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> Entender a gramática.  | <input type="checkbox"/> Pronunciar correctamente. |
| <input type="checkbox"/> Lembrar o vocabulario. | <input type="checkbox"/> Falar con fluidez.        |

**B.** Compara a túa ficha coa do teu compañeiro. Tendes toda a información? Podedes volver escoitar a entrevista para completar os datos que vos faltan.

**C.** Agora faille o mesmo test ao teu compañeiro e anota as súas respostas. Logo, explicallas ao resto da clase.

- De onde es, Aldo?  
o Colombiano, e ti?
- Eu son brasileiro. Canto tempo pensas estar en Galicia?

**D.** Presenta o teu compañeiro ao resto da clase.

- Este é Aldo, é colombiano e pensa estar un ano en Galicia. Traballa nunha oficina...